



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E O CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL, O MINISTERIO FISCAL E MAIS O COLEXIOS DE AVOGADOS DA CORUÑA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA EXPERIMENTAL DE MEDIACIÓN NO ÁMBITO PENAL NA CORUÑA NO ANO 2018

Esta consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio de competencias en materia de xustiza en virtude do artigo 20 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, que se exercen a través da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. É desexo desta Consellería a realización de todas aquelas actuacións coas que poida acadarse a maior eficacia en relación cos temas da Administración de Xustiza en xeral, segundo as función que lle atribúe o Decreto 72/2013, do 25 de abril, no que se establece a súa estrutura orgánica, modificado polo Decreto 11/2015, do 5 de febreiro.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos o impulso, a implantación e o desenvolvemento de programas e actuacións de desxudicialización de conflitos e de promoción da mediación, tal e como establece o Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, modificado polo Decreto 11/2015, do 5 de febreiro.

Finalidade: Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Consello Xeral do Poder Xudicial, o Ministerio Fiscal e o Colexio de Avogados da Coruña o instrumento convencional arriba referido que abrangue dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2018.

O convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre o CXPX, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e mais o Colexio de Avogados de Coruña para o desenvolvemento dun programa experimental de mediación no ámbito penal en Coruña. Este proxecto experimental de implementación da mediación intraxudicial nos xulgados de instrución e do penal da Coruña persegue o seguinte:

- Intervir en conflitos xudiciais a través da mediación penal e da xustiza restaurativa como instrumento de resolución pacífica dos mesmos.
- Xerar un espazo para a comunicación entre os cidadáns, pois coa mediación penal poden abordarse as controversias que en ocasións subxacen aos feitos delituosos.
- Posibilitar que a vítima se sinta protagonista tanto do propio procedemento penal coma do xeito de o resolver.
- Darlle unha resposta reparadora e reintegradora á situación que se creou como consecuencia do feito delituoso.
- Establecer mecanismos de colaboración cos operadores xurídicos, nomeadamente coa Fiscalía e mais cos xulgados.

O Colexio de Avogados da Coruña, comprométese a implantar un programa experimental de mediación para o ámbito penal nos xulgados de instrución e do penal da Coruña.





O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A mediación penal consiste na participación voluntaria do imputado por un delito ou falta e mais da vítima –ou persoa prexudicada– nun proceso de diálogo e comunicación conducido por un mediador imparcial, co obxecto fundamental de conseguir a reparación adecuada ao dano causado e a solución do conflito, dende una perspectiva xusta e equilibrada para os intereses das partes. A mediación no ámbito do proceso penal é unha realidade e unha necesidade na sociedade en que vivimos, e ante situacións de grave quebrantamento das normas de convivencia presenta indubidables singularidades que complementan eficazmente o propio sistema penal, proporcionando instrumentos de control e reacción ante o fenómeno criminal.

A mediación penal devén dunha nobre utilización do Código penal con fins de política criminal restaurativa: toma en consideración as causas reais do conflito e as súas consecuencias; responsabiliza o infractor acerca das consecuencias do seu ilícito, ao tempo que diminúe a reprobabilidade penal (atenuante) e lle procura medios para a normalización da súa vida; asegura unha efectiva protección da vítima mediante a reparación ou diminución do dano causado polo delito, de modo que, se non existe vítima, a reparación pode ter un carácter simbólico ante a comunidade social ou organismo que a represente; restablece a vixencia da norma e o diálogo comunitario, reconstruíndo a paz social quebrada polo delito ou falta e minimizando o rigor do sistema penal.

Financiamento: O investimento máximo a que se refire o presente convenio fíxase en DOCE MIL EUROS (12.000,00 €) para o ano 2018, con cargo á aplicación orzamentaria 05.22.131A.481.0 dos orzamentos do ano 2018 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Poderá facerse un primeiro pagamento do 10% da contía total concedida con cargo aos fondos destinados ao mantemento do servizo e divulgación, en concepto de anticipo, unha vez asinado o convenio de colaboración.

O resto da contía total concedida, ata alcanzar o 80%, poderá facerse efectivo mediante pagamentos parciais á conta da liquidación definitiva, á medida que a entidade xustifique debidamente os gastos e os pagos realizados.

O 20% restante farase efectivo unha vez presentada pola entidade a documentación final xustificativa do gasto realizado.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Santiago de Compostela,
Juan José Martín Álvarez
Director Xeral de Xustiza

